

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE AGOSTO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:10 horas do día 23 de agosto de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 21 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Carlos López Font
- Vocais:** D. Xesús Costas Abreu
D. Alberto Escariz Couso
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 3 de agosto de 2017

Non se aproba por falta de quórum.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 17 e 18 de agosto de 2017, respectivamente, de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación, así como o informe que rectifica o anterior de data 23 de agosto de 2017.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 23 de agosto de 2017, respectivamente, de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:25	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A541-E8BH48-8EBECA-1V76XY-F9FG4Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250) na seguinte orde descendente:

Lote nº1		330.578,51 €
Empresas		Puntuación
1	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	97,50
2	MATERIALES CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	88,18
3	GONDOMAR, S.L.	85,00

Lote nº2		132.231,83 €
Empresas		Puntuación
1	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	88,18
2	MATERIALES CONSTRUCCION FERNANDO ALONSO, S.L.	85,00

Lote nº3		371.900,83 €
Empresas		Puntuación
1	GARCI VENTA, S L	100,00
2	SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	98,93
3	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	92,15
4	MATERIALES CONSTRUCCION FERNANDO ALONSO, S.L.	79,65

Lote nº4		82.644,63 €
Empresas		Puntuación
1	SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	100,00
2	GARCI VENTA, S.L.	96,51
3	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	74,92
4	MATERIALES CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	59,24

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2), GARCI VENTA, S.L. (lote 3) e SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (lote 4), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit aos citados licitadores o aboamento de 1.811,52 euros (452,88 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:25	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A541-E8BH48-8EBECA-1V76XY-F9FG4Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		